

Co obxecto de cumprimentar o financiamento das axudas achegadas pola Unión Europea no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente destinadas aos/as estudantes seleccionados/as para gozar dunha bolsa Erasmus no curso 2011-12, o Ministerio de Educación pública a orden EDU/2875/2011 de 11 de outubro de bases reguladoras da achega complementaria ás universidades e institucións de ensino superior para o desenvolvemento do programa Erasmus.

Na Resolución de 18 de novembro de 2011, a *Secretaría General de Universidades* concedeu á Universidade de Vigo un importe de 855.000 euros.

En virtude desta resolución, esta Reitoría

RESOLVE:

- A duración das estadias financiadas con cargo a estes fondos non superará os 8 meses de estadia.

- Conceder unha axuda complementaria mínima de 150 euros por mes de estadia con cargo aos 855.000 euros achegados polos Ministerio de Educación a todos/as os/as bolseiros/as Erasmus para estudos do curso 2011-12.

- A axuda complementaria aboarase con cargo á partida orzamentaria OR1121DERA492, unha vez se reciba na Oficina de Relacións Internacionais o certificado de chegada, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2011-12:

o Un primeiro pagamento de 120 euros por mes de estadia. Aboaranse a todos/as os/as bolseiros/as tras o envío á Oficina de Relacións Internacionais do certificado de chegada, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2011-12.

o Segundo pagamento polo importe restante en función do número de meses totais de estadia que os estudantes deberán xustificar co certificado de fin de estadia, documento solicitado coa convocatoria Erasmus 2011-12.

o Realizarase un único pagamento polo importe do total da bolsa se no momento de ordear o primeiro pagamento o/a estudante xa renatou a súa estadia como Erasmus.

- No caso o de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver a contía íntegra ou parcial da bolsa. A Universidade de Vigo reservase o dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.


- Non se garante o pagamento íntegro das axudas aos/as estudantes que solicitaron prórroga da súa estadia na universidade de destino ao longo do curso 2011-12.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Así e todo, o interesado poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 05/09/2011)
O Vicerreitor de Relacións Internacionais



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 13 de xaneiro de 2012



A secretaría do vicerreitor de Relacións Internacionais
Henar Quintas Salgado